

César

■ CARMEN PEREIRAS

Leo as túas novas neste mesmo xornal —cuartel e hospicio das miñas teimas— e mira por onde, teño que cebrar polo breve unha ledicia con grande causa: A novidade tan esperada do teu primeiro disco.

Mira por onde, a vociña das preguntas —qué ben te coñece— anda a remexer pola casa toda buscando algo para regalarche, e nembargantes soamente podo adicarche (¿pero cómo me apaño?) o tempo dunha laranxa. Teño no agarimo a tua voz grande, plena, unha voz verdadeiramente galega, feita con mimo e talento, capaz de encender lúas dende o Ribeiro a Cataluña, capaz coma ti de atravesar en silencio tódolos silencios e por fin retomar a grandeza con só mudar de ollada.

Teño centos de ilusións convidadas ó intre en que tódolos imposibles fagan xusticia. O intre absoluto que se aproxima, no cal tódalas memorias teñan que rendirse diante a sinxela beleza dunha cantiga. Porque hai cantigas e verbos que non se fan de balde. Que non se adiviñan. Que non se adquiren. Cúmplense. Non sen razón é propio dos escollidos o viño acedo. Non sen razón se fixeron para os loucos e os homes tristes tódalas rúas e tódalas tabernas. Porque non sempre pode ún recobrase do pasado soamente coa tristura necesaria.

Tiña que ser lonxe e de outra maneira. Tiña que haber polo medio longas horas de incertidume e cansancio. ¡Mágoa! Outra vez tiña que ser lonxe de Ourense, onde canta o cuco e rebule un pobo. E non hai para isto explicacións que nos deixen convencidos. Que llo pregunten senón a cantos desterrados fixeron Ourense en Frankfurt, México, Andalucía. Que lle pregunten se queren ás vellas rúas que nos coñecen tanto. Que nos veñan preguntar por ti. Que nos pregunten agora. Para nós, teus amigos, tua ausencia, e tua mesma causa, tódolos trens fuxen cara o sur.